

Concurso de fotografía rurAllure

“Comparte a túa ruta!”

Termos e condicións

Fecha de lanzamento: 15/07/2022

Prazo: 31/10/2022

Reunión do xurado: 04/11/2022

Declaración da fotografía gañadora: 07/11/2022

Descrición do concurso:

O concurso de fotografía rurAllure é unha oportunidade para dar a coñecer as rutas culturais e de peregrinación en Europa, o seu legado, cultura, tradicións e experiencias compartidas de andainas e ciclismo de longa distancia. Estas rutas, recorridas por milleiros de camiñantes e peregrinos/as cada ano, son destinos de turismo lento, que apostan pola sostibilidade e a sensibilidade medioambiental.

Este concurso de fotografía está enfocado á creación dunha comunidade tanxible de viaxeiros/as lentos/as e aventureiros/as destas rutas históricas. O concurso tamén ofrece un espazo para a creatividade e o intercambio de experiencias de peregrinación, facilitando así o diálogo sobre o turismo lento e o redescubrimiento das zonas rurais.

Este concurso está organizado polo Consorcio rurAllure, coordinado pola Universidade de Vigo. rurAllure é o proxecto europeo financiado polo programa de investigación e innovación Horizonte 2020 da Unión Europea, baixo o acordo de subvención no. 101004887.

Máis detalles: [Kit de prensa - rurAllure](#)

Convidase aos/ás peregrinos/as e turistas que percorren as rutas enumeradas a continuación a publicar fotos das súas experiencias, paisaxes e patrimonio atopados no seu camiño como publicacións (non como historias) nas redes sociais, etiquetando a conta **@rurAllure** ([Facebook](#), [Twitter](#), [Instagram](#)) e inserindo o hashtag do concurso **#rurallure**. Ao usar o hashtag, os/as participantes aceptan o uso non comercial das imaxes.

Os/as autores/as das publicacións máis fermosas e inspiradoras recibirán premios ao final do concurso. Para participar no concurso, as fotografías publicadas deberán presentar un ou máis dos seguintes itinerarios culturais:

- Vía Francígena
- Vía Romea Xermánica
- Vía Romea Strata
- Camiño de Santiago
- Camiños de San Olaf – camiños de peregrinación a Trondheim en Noruega, Dinamarca e Suecia
- Camiños a Csíksomlyó / Camiño de María / Vía Mariae / Mária út

Comparte as túas fotos en Instagram, Facebook ou Twitter como posts (NON historias), etiquetando a localización, a páxina **@rurAllure** ([Facebook](#), [Twitter](#), [Instagram](#)) e o hashtag de concurso **#rurallure**. As contas dos/as participantes deben ser públicas durante o período do concurso.

Avaliación:

O xurado, composto pola Xunta Directiva de rurAllure, seleccionará as imaxes e publicacións máis belas para cada ruta. Outorgarase un premio especial ao/á participante que publique o número máximo de fotos nas redes sociais, así como ao/á autor/a da publicación máis inspiradora.

Regras e criterios de avaliación:

- Relación co tema e os obxectivos do proxecto rurAllure.
- Creatividade e orixinalidade artística; calidade da imaxe.
- Valorarase a presenza dun texto breve, que indique o lugar e describa a experiencia persoal da peregrinación, impresións, consellos de viaxe, emocións dunha visita, etc.
- As fotografías deben ser orixinais, é dicir, tomadas por persoas que recorreran algunha das rutas indicadas ou parte dela.
- Número de fotos enviadas.

Premios: Equipamento especializado para camiñar.